



Alberto Platas Álvarez
Alcalde- Presidente
Praza Mestre Mosquera, núm. 1
15317 Aranga- A Coruña

Expediente núm: SI.2021.057.INF

Asunto: informe sobre a Torre de Teodomiro.

Interesado: Concello de Aranga

En relación coa súa solicitude presentada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o pasado día 11, número de rexistro 38407/rx 1113579, no que demandaba información sobre a localización e historia da denominada Torre de Teodomiro, pertencente á parroquia de San Vicente de Fervenzas no termo municipal de Aranga, infórmolle que, os servizos técnicos do servizo de Inventario da subdirección xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, informaron que:

«[...] Que nas referencias documentais históricas abundan as mencións a unha torre construída no tempo de Teodomiro no Monte Catón coincidentes todas elas no descoñecemento dos seus indicios físicos. Tamén semellan recoller o relato do Cronicón de Walfrido, fonte de mediados del siglo XI, que moitos investigadores teñen por apócrifa.

Que ata o de agora a Torre de Teodomiro, non consta en ningún lugar xeolocalizada, e todas as referencias documentais a sitúan preto do río Miñatos, entre O Castelo e Arma Vella, lugares cunha toponimia moi descritiva.

Que os datos sobre a localización do Castelo de Aranga, nun outeiro do Monte do Gato, na confluencia dos ríos Cambás e Mandeo, é coincidente coa referida á Torre de Teodomiro.

Que nalgunhas descrições do Castelo de Aranga, tamén coñecido como Castelo de Hermanzón ou Barmanzón indícase que no seu espazo superior puído existir unha torre. Que as divisións administrativas actuais dos concellos limítrofes de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga non se corresponden exactamente coas divisións de xurisdicións e provincias históricas e o Monte do Gato sitúase xusto entre os lindes dos tres termos municipais.

Porén, se ben as devanditas consideracións e coa información dispoñible ata o de agora impiden que se poida determinar unha localización concreta para a Torre de Teodomiro pertencente ao termo municipal de Aranga, non semella cuestionar neste momento o valor sobranceiro que xustificou outrora a súa declaración coma ben de interese cultural.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal



O valemto cultural do ben, recoñecido e avalado pola documentación histórica, debería estimarse mais ben como unha “referencia” que nos aporte información mais aló do dato físico en se mesmo sen que se sexa preciso concretar a súa localización exacta [...]».

Do que se da traslado para dar resposta á súa consulta.

O xefe de servizo de Inventario do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, no día que se indica na marxe deste documento.

